



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

29. NOV 01 04 254

A aplicación estricita das táboas de adaptación entre o antigo plano de 1973 e os novos planos de estudos renovados, da titulación de Matemáticas da USC xenera situacións non desexadas especialmente nos estudantes que xa tiñan superado o Primeiro ciclo do plano do 73 ou lles quedaban poucas materias para obte-la titulación. Para solventar esta situación a Xunta de Facultade de Matemáticas na súa sesión do 29 de outubro de 1997 acordou establecer un mecanismo extraordinario de adaptación para aqueles estudantes que debían adaptarse ó novo plano de estudos só tiveran pendentes materias do segundo ciclo ou ben que lles faltase tres ou menos materias para licenciarse.

A Resolución do 1 de marzo de 2001 (BOE do 16 de marzo) pola que se publica a modificación do plano de estudos establece no apartado 3c do Anexo 3 que ó alumnado procedente do plano de 1973 ó menos recoñeceráselle os créditos que resulten de aplicar sucesivamente a táboa de adaptación entre os planos 1973 e a táboa dos planos 1993 -2000 . Asemade indica que a Universidade trala consulta co centro, dictará as resolucións necesarias para o desenvolvemento do plano de estudos , e de xeito especial, no que se refire ás adaptacións non previstas.

Verbo do indicado nese apartado e a vista do Acordo tomado na sesión 7 de marzo de 2001 pola Xunta de Facultade de Matemáticas

RESOLVO

Primeiro.- A Comisión de docencia da Facultade de Matemáticas poderá realizar adaptacións singulares segundo o mecanismo extraordinario aprobado pola Xunta de Facultade ós estudantes que se adaptaron ó plano de 1993 ou directamente ó plano 2000 e que lles quedaban menos de tres materias para finaliza-los estudos ou que as materias que lles faltaban para licenciarse eran só do Segundo Ciclo.

Segundo.- Para aplicación do citado Acordo., os estudantes afectados deberán cursa-las materias e créditos, do plano de estudos ó que se adaptaron, que lles indique a Comisión de Docencia da Facultade, á vista das materias que tiñan pendentes no plano de 1973.


Terceiro .-Os estudantes que estean nas circunstancias do punto primeiro deberán solicitar ó Decano da Facultade a aplicación do acordo. O prazo máximo para solicita-lo será ata que finalice o curso 2002/2004.

Cuarto.- Superadas tódalas materias e créditos indicados pola Comisión de docencia estes estudantes deberán presentar, no Servicio Alumnado, a correspondente solicitude de adaptación das materias do plano de 1973 non adaptadas, que será tramitada para que resolva o Rector.

Quinto.- Calquera consulta ou aclaración respecto do procedemento a seguir nestas adaptacións deberán facerse o rectorado ó traves do Servicio de Alumnado.

Santiago de Compostela, 26 de novembro de 2001

O RECTOR



Darío Villanueva Prieto

05 DEC 2001

Sr. Vicerrector de Ordenación Académica e Titulacións, Sr. Secretario Xeral, Sr. Decano da Facultade de Matemáticas; Sr. Xefe da Asesoría Xurídica; Sr. Xefe do Servicio de Alumnado; Sr. Xefe da Unidade de Xestión Académica do Campus Sur; Sr. Responsable da Área Académica do SEIN; Sr. Director do COIE.

acordo da Comisión de Docencia do día 7/10/97

PROPOSTA DE MODIFICACION DA TABOA DE ADAPTACIONES
PARA O PASO DO PLANO VELLO O PLANO NOVO.

A Xunta de Facultade de Matemáticas ACORDOU na súa sesión do / modificar as condicións de paso do Plano vello ó novo no seguinte sentido:

a) [vixente] Para as adaptacións materia por materia continuará en vigor a vixente Táboa de adaptacións. Esta adaptación será automaticamente realizada polos servizos centrais da Universidade.

b) [vixente] Os estudantes poderán solicitar da Comisión de docencia o recoñecemento como créditos de libre configuración de outras materias do Plano vello que non teñan sido obxecto de adaptación automática. A equivalencia en créditos, para este único fin, será a aprobada polo Rector ou a Xunta de Goberno.

c) [novo] Os estudantes do Plano vello da licenciatura de Ciencias Matemáticas da Universidade de Santiago que no momento de cambiarse de Plano tiveran superado todas as materias de Primeiro Ciclo do Plano vello, poderán solicitar da Comisión de Docencia que lles sexa adaptado todo o Primeiro Ciclo do Plano novo, ademais das materias do Segundo Ciclo que lles poideran corresponder automaticamente dacordo coa táboa de adaptacións.

d) [novo] Os estudantes do Plano vello da licenciatura de Ciencias Matemáticas da Universidade de Santiago que no momento de cambiarse de Plano estiveran nalgunha das situacións seguintes.

(i) que lles faltaran tres ou menos materias para licenciarse;

(ii) que só tiveran pendentes materias de Segundo Ciclo;

poderán solicitar, unha vez que teñan cursado no Plano novo os complementos de formación que se indican no ANEXO, que a Comisión de docencia lles adapte o Primeiro e Segundo Ciclos completos, e polo tanto o número de créditos necesarios para licenciarse.

e) As solicitudes a que se refiren os puntos b), c) e d) son voluntarias, poden ser presentadas en calquera momento, e non modifican o feito de que os estudantes citados cursan o Plano novo a todos os efectos e poden organizar os seus estudos doutro xeito se o desexan.

f) A Comisión de docencia artellará os mecanismos necesarios para estas adaptacións, previo acordo co Vicerrectorado de Ordenación Académica para asegurar a súa validez académica. No expediente dos estudantes faránse constar estas circunstancias segundo o que estableza a normativa vixente para adaptacións e convalidacións.

ANEXO: COMPLEMENTOS DE FORMACION
PARA ESTUDIANTES PROCEDENTES DO PLANO VELLO NAS CONDICIIONS DO PONTO d)

Para poder acollerse ó establecido no punto d), o estudante debe ter realizado no Plano novo uns complementos de formación que sexan equiparables en número de créditos e en contidos ás materias que lles pendentes no Plano vello. En concreto, e dacordo coas peculiaridades do Plano vello da licenciatura en Ciencias Matemáticas, a Comisión de docencia verificará que no momento da solicitude cumpriu todos os requisitos seguintes:

1. NUMERO TOTAL DE CREDITOS

1.1 No Plano novo deberá superar en total un mínimo de 14 créditos multiplicado polo número de materias que lles pendentes no Plano vello. Estes créditos deberán cursar efectivamente, non adaptados nin convalidados.

1.2 O estudante pode organizar os seus estudos de xeito que os excesos de créditos dun determinado tipo que curse para poder cumprir o establecido nun apartado lles sirvan para completar os créditos necesarios noutros apartados nos que sexa válido ese tipo de créditos.

2. MATERIAS DE PRIMEIRO CICLO

a) Por cada materia de Primeiro Ciclo do Plano vello que lle quedaba pendente debe ter superado ou adaptado todas as materias do Plano novo que lle corresponden na táboa de adaptacións.

b) Por cada materia pendente de Primeiro Ciclo debe cursar efectivamente (non adaptados nin convalidados) 14 créditos. De non podelo facer só coas materias que corresponden na Táboa de adaptacións, poderá completalas con materias troncais ou obrigatorias de Primeiro ou Segundo Ciclo da mesma área que a materia pendente.

2. MATERIAS DE SEGUNDO CICLO

2.1 ANALISE IV

a) Se lles pendente a Analise IV deberá ter superado ou adaptado todas as materias do Plano novo que lle corresponden na táboa de adaptacións.

b) Ademais, se non cursou efectivamente (non adaptados nin convalidados) un mínimo de 14 créditos por esta materia, deberá completalos cursando materias troncais ou obrigatorias de Segundo Ciclo da mesma área.

2.2 MATERIAS DO GRUPO I

Por cada materia que lle faltara do Grupo I deberá ter superado efectivamente 14 créditos con calquera das materias que corresponden na táboa de adaptacións ás do Grupo I, ou calquera outra materia troncal ou obrigatoria de Segundo Ciclo.

2.3 MATERIAS DO GRUPO II

Por cada materia do Grupo II que tivera pendente deberán ter superado efectivamente 14 créditos con materias de Segundo Ciclo que non correspondan na táboa ás do Grupo III.

2.4 MATERIAS DO GRUPO III

As materias do Grupo III poden ser cubertas con créditos de Segundo Ciclo troncais, obrigatorios ou optativos.